

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21 DE MARZO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D.^a Marta María Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e catro minutos do día vinte e un de marzo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta María Iglesias Becerra.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN. SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 7 DE MARZO DE 2022 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 15 DE MARZO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de marzo de 2022 e á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 15 de marzo de 2022, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por seis votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira Pombo Carril a cal manifesta que se abstén por non ter asistido ás sesións ás que se refiren as actas.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 7 de marzo de 2022 e da sesión extraordinaria realizada en data 15 de marzo de 2022.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ACORDO RELATIVO Á CONVOCATORIA E BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO “TÉCNICA/O URBANISMO (ACCESO LIBRE)”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 18 de marzo de 2022 (código de documento UPO16I00GG), relativa á modificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2022 no referente ao anexo II do proceso selectivo “Técnica/o urbanismo (Acceso libre)”, que transcrita di:

“PROPOSTA – Corrección erros convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo “Técnica/o urbanismo (Acceso libre)”

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2022, aprobou a convocatoria e as bases específicas da convocatoria do proceso selectivo Técnico/a urbanismo (acceso libre).

Nas bases definitivamente aprobadas acordouse suprimir o punto 6 da base segunda da convocatoria: "6. Posuír o título acreditativo do Curso superior de técnico de urbanismo impartido pola Escola Galega de Administración Pública, tal e como se recolle na Relación de Postos de Traballo deste concello." Omitíndose suprimir esta referencia no anexo II da convocatoria no apartado Documentación presentada coa instancia (sinálese cun X no recadro correspondente).

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, modificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de marzo de 2022 no que se refire ao anexo II que queda redactado de acordo co seguinte detalle:

ANEXO II - SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESOS SELECTIVOS

CONVOCATORIA

Praza	Técnica/o urbanismo
-------	---------------------

DATOS PERSOAIS

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
DNI	Sexo Varón / Muller	Data de nacemento
Lugar de nacemento	Nacionalidade	

ENDEREZO – TELÉFONO

Enderezo	
Código postal	Localidade
Teléfono	e-mail

EXENCIÓN EXAME GALEGO

Solicita exención do exame de galego: SI / NON
--

ASPIRANTE CON CAPACIDADE DIMINUIDA

Solicita adaptación de tempo e medios: SI / NON

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sinálese cun X no recadro correspondente)

Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade
Xustificante do aboamento da taxa de exame
Título de grao en Dereito ou equivalente
Orixinal ou fotocopia compulsada do documento xustificativo da exención do exame de galego

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

SOLICITUDE DA LINGUA NA QUE DESEXA SER EXAMINADO/A, exceptúase o exame de galego (sinálese cun X o que proceda):

en lingua castelán

en lingua galega

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

Culleredo, de de

SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal en data 18 de marzo de 2022 (código de documento UPO16I00GG), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 14 de marzo de 2022, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación definitiva do orzamento para o exercicio económico 2022. BOP núm. 53 do 18-03-2022.

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/500/2022 do 25/02/2022, pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 146, de nome Mulán, número microchip: 941010000546437, especie canina e raza Bull Terrier, propiedade do titular da licenza número 168.
- Resolución número CUL/RES/512/2022 do 04/03/2022, pola que se concede a licenza municipal núm. 425 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (**modalidade Reserva Permanente as 24 horas**), para o local situado na Avda. De Fonteculler, núm. 23, da parroquia de Rutis deste termo municipal, á GALKIMIA GALICIA, S.L.U.
- Resolución número CUL/RES/513/2022 do 04/03/2022, pola que se require á don D. A. G. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Luis Seoane, núm. 5 (Vilaboa), coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

- Resolución número CUL/RES/514/2022 do 04/03/2022, pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 169, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D. S. G. T.
- Resolución número CUL/RES/523/2022 do 08/03/2022, pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización da liña eléctrica soterrada de baixa tensión en Anzhouza, na parroquia de Rutis.
- Resolución número CUL/RES/549/2022 do 09/03/2022, pola que se aproba a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao amparo da resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 28 de decembro de 2020 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E), publicada no DOG Núm. 19 Venres, 29 de xaneiro de 2021.
- Resolución número CUL/RES/550/2022 do 09/03/2022, pola que autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a instalación do subministro de enerxía eléctrica R. B. T. S., na parroquia de Orro.”

3.2.2.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

1-TEATRALÍZATE: representación da obra teatral ALMA DE TIGRE da compañía *Elefante elegante*.

Nº total participantes: 663.

Centros escolares: IES Blanco Amor e IES Rego de Trabe.

Outros centros: A Escada.

Nº sesións: 6.

Duración cada sesión: 90 minutos/día + 30 minutos de charla.

Datas: dende o 25 de marzo ata o 1 de abril.

Horario: 11:00 a 13.00 h.

Lugar: salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.”

3.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)** conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
04/03/2022	510	Dar de baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria para persoas non dependentes a ***7361** ao adquirir a condición de dependente según a Ley 39/2006, de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de	

C.I.F. P-1503100-H

		dependencia.	
04/03/2022	516	Conceder a **9245* o servizo municipal de axuda a domicilio para atención persoal.	Cinco horas á semana (agás festivos)
08/03/2022	531	Declarar o desestimento da solicitude de ***6874** dos servizos municipais de Axuda no fogar, Xantar na casa e Teleasistencia domiciliaria, por non presentar a documentación preceptiva e procédese ao arquivo do expediente.	
9/03/2022	536	Dar por finalizado o procedemento pola imposibilidade material de continualo por mor da defunción de Don ***2063** e procédese ao arquivo do seu expediente, por mor de seu falecemento.	
9/03/2022	537	Dar por finalizado o procedemento pola imposibilidade material de poder continualo por mor do falecemento de Dona ***2868**.	
9/03/2022	539	Conceder a Dna. ***4320** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	
9/03/2022	540	Conceder a D. ***6610** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	
9/03/2022	541	Conceder a Dona ***0645** o servizo municipal de axuda a domicilio.	Cinco horas á semana (agás festivos).
9/03/2022	542	Conceder a Dona ***9550** o servizo municipal de axuda a domicilio.	Cinco horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS)** de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Obxecto da axuda	Importe
9/03/2022	533	DENEGAR a don ***4487** as axudas para abono de aluguer por exceder o límite de ingresos establecido no Regulamento de Acceso ás prestacións económicas		

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

		municipais de emerxencia social (PEEIS).		
9/03/2022	535	DENEGAR a dona ***6565** as axudas para abono de alimentos e subministración por exceder o límite de ingresos establecidos no regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia social (PEEIS).		

***TARXETA ESTACIONAMENTO para persoas con DISCAPACIDADE** conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
08/03/2022	530	Conceder a ***3135** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos

C.I.F. P-1503100-H

***GASTOS FÚNEBRES**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Importe
9/03/2022	534	Asumir a cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio da finada Dona ****7962* e aprobar o gasto correspondente á factura F/2022/272 a favor do Tanatorio ****4613*.	1501,72 €

***GASTOS ALIMENTACIÓN das Prestacións Económicas Municipais de Emerxencia e Inserción Social (PEEIS)** De Acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Proveedor
07/03/22	521	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago das facturas que se relacionan a continuación, correspondentes aos bonos de alimentos, hixiene e bono de lactantes, con cargo ao RC correspondentes.	****355**

Nº factura	Importe	Terceiro	Nº RC
FN1663	76,49 €	***6010**	220220000705
FN1664	20,71 €	***6010**	220220000705

FN1666	69,40 €	***6449**	220220000706
FN1667	12,15 €	***6449**	220220000706

FN1668	20,71 €	***6299**	220220000707
FN1669	92,55	***6299**	220220000707
FN1692	88,71	***6137**	220220000708
FN1693	99,64	***6034**	220220000709
FN1746	62,21	***3458**	220220000710
FN1748	33,35	***3749**	220220000711
FN1749	142,46	***3749**	220220000711
FN1750	87,95	***0077**	220220000712

C.I.F. P-1503100-H

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:
SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA IV de inserción social

Accións inclusivas:

“Espazos e Aulas de BENestar social 2022”

ESPAZOS de primavera
para o autocoidado, a autonomía persoal e o coñecemento

Coa colaboración de entidades de iniciativa social da rede asociativa *Culleredo enClaveSocial* do municipio

***DESCRICIÓN:**

Este proxecto consiste no desenvolvemento de talleres, tertulias e charlas, abertas a toda a poboación, cunha duración de 1,5 horas cada unha, que teñen por **obxectivo** adicar un **lugar** e un **tempo** á abordaxe de **temáticas de actualidade** que permitan **promover estilos de vida saudables** e favorecer o coñecemento a través da participación activa dos asistentes para acadar o **máximo nivel de benestar e vida independente**.

Esta actividade comprende tres grupos temáticos de charlas que serán impartidas en catro lugares do concello por profesionais con experiencia en cada materia.

***ACTIVIDADES que COMPRENDE:**

1. Espazo emociónArte: tertulias para o “benestar emocional”.

Tertulia 1: Repercusións do coidado dunha persoa con demencia e medidas preventivas.

Imparte técnica da **Escola de pacientes do SERGAS**

(2 charlas: 31 de marzo en Celas e 28 de abril en Fonteculler ás 18:00h.)

Tertulia 2. Afrontamentos dos problemas psicolóxicos en pacientes con enfermidades crónicas e/ou problemas graves de saúde.

Imparte psicóloga de **ASOTRAME**, asociación galega de trasplante de médula ósea.

(2 charlas: 19 de maio en Fonteculler e 2 de xuño en Celas ás 19:00h.)

2. Espazo saúde: tertulias, charlas e talleres para “previr, sanar, sentirse ben”.

Tertulia 3: Alimentación complementaria para crianzas.

Imparte nutricionista de **ALMA**, asociación de apoio á lactancia materna.

(18 de marzo en Celas ás 17:00h.)

Tertulia 4: “Guía de boas prácticas para unha dieta sen glute”.

Imparte técnica de **ACEGA**, asociación de celíacos de Galicia

(5 de maio en Vilaboa ás 19:00h.)

Taller 5: Vivencias e calidade de vida en doentes con diálise.

Imparte técnicos de **ALCER**, asociación de loita contra as enfermidades do ril.

(20 de maio en Fonteculler ás 16:00h.)

Taller 6. Primeiros auxilios, RCP, manobra de Heimlich, hemorraxias e queimaduras.

Imparte técnicos de **ASGATE**, asociación galega de técnicos en emerxencias sanitarias

(3 charlas: 6 de abril en O Burgo ás 10:30h., 21 de abril en tarrío ás 19:30h. e 10 de maio en Celas ás 18:00h.)

3. Espazo autoxestión: talleres prácticos para aprender a “vivir con independencia”.

Taller 7: Consumidores: onde e como reclamar.

Imparte técnica de consumo da asociación **Euroconsumo**

(25 de marzo en Vilaboa ás 11:30 h.)

Taller 8: Coñecendo dereitos e obrigas sobre o subministro eléctrico.

Imparten técnica de consumo da asociación **Euroconsumo**

(22 de abril en Celas ás 11:30 h.)

4. Espazo curiosidade: tertulias e charlas para “estar ao día”.

Charla 9: Xerando cultura de acollemento: Contigo Florece.

Imparte técnica de **ACOUGO**, asociación galega de familias de acollida.

(17 de marzo en Vilaboa ás 19:00h.)

C.I.F. P-1503100-H

4. POBOACIÓN á QUEN VAI DIRIXIDA: Persoas maiores de idade empadroadas no concello de Culleredo e se fican prazas persoas non empadroadas.

5. LOCALIZACIÓN e CALENDARIZACIÓN:

Lugares:

Fonteculler: Centro cívico Virginia Blanco na Praza das Brañas

O Burgo: Sala Celia e Esperanza Brañas na Costa da Lonxa

Vilaboa: Pazo de Vila Melania e Sala Actividades M^a Calé Torres en Sagrada Familia

Celas: Casa Rectoral

PROGRAMA V de solidariedade e participación

Proxecto 6 de Accións abertas de prevención e sensibilización social

“Culleredo con UCRAÍNA”

A Concellaría de Política social e promoción do deporte, ante a situación provocada pola invasión de Ucraína e as necesidades sociais derivadas da mesma, **ten desenvolto as seguintes accións:**

1- Reunión 8 de marzo no Concello de Culleredo:

Reunión de coordinación político-técnica coas ONGs que operan en Culleredo e/ou teñen convenio co Concello, nomeadamente *CruzRoja, Medicos do mundo, Wellcome refugees, Caritas e Mestura*. Na mesma acórdanse uns principios básicos de intervención, entre eles destaca a prioridade de non enviar acopios de material á zona e sí o de promover accións tendentes a recadar cartos para que as ONGd presentes en Ucraína e países limítrofes poidan aprovisionarse de recursos humanos e materiais no territorio.

Publícanse os acordos en prensa local e redes sociais

Enviase información a todas as areas municipais e entidades asociativas do concello

2- Asistencia a todas as iniciativas de información, formación e sensibilización organizadas por organismos supramunicipais. Neste senso, persoal técnico do equipo municipal de servizos sociais participou nas actividades:

- 14 de marzo, Webinar convocada polo Fondo galego de Cooperación.
- 14 de marzo, Webinar convocada pola Deputación de A Coruña.
- 15 de marzo, A Senra-Bergondo: Reunión informativa convocada pola Reserva da Biosfera.

Enviase resumos e información a todas as areas municipais e entidades asociativas do concello

C.I.F. P-1503100-H

E para os vindeiros días prepárase:

23 de marzo, de 17:30 a 21:00 h

Concerto maratón solidario no Conservatorio municipal de Culleredo, "*Culleredo con Ucraína*" a favor das ONGs vinculadas a Culleredo e ao traballo a prol da inclusión social da poboación migrante e refuxiada.

O obxectivo é a canalización dos sentimentos solidarios da veciñanza cullerdense, ademais de recadar fondos para as ONGs, tanto as que están a operar no territorio coma as que xa están a traballar con persoas refuxiadas."

3.2.4.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 25 DE MARZO

Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo. 18.00 h:

Apertura da exposición fotográfica *Os soños esquecidos*, de Carlos Muíños.

Ata o 6 de maio."

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Código do documento	Código do expediente
USG16I0133	USG/2022/43
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0R72 6Z57 0P51 1014 0VY7	

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)